

PROGRAMA DO CURSO

SESIÓN PREVIA (moi importante):

Para un axeitado aproveitamento da actividade os asistentes deberán consultar a documentación facilitada polos ponentes do curso antes da primeira xornada do mesmo. A documentación estará dispoñible na aula virtual do CFR de Pontevedra e na do CFR de Vigo dende o día 22 de xaneiro de 2015:

A documentación está clasificada polos temas seguintes:

- Presentación do deporte da orientación.
- Recursos informáticos para elaboración do plano-mapa.
- Presentación da orientación adaptada (ori-precisión).
- Simbología básica de orientación.
- Lectura de cadros de descrición.
- Mapas variados das distintas modalidades.
- A orientación como proxecto interdisciplinar.

DATA: **MÉRCORES 04/02/2015**

HORARIO: **16:45 – 21:15**

LUGAR: **IES de Meaño**

CONTIDOS:

- **Presentación do curso.**
- Inserción da orientación no currículo de Educación Física.
- Como facer un plano do Centro e planificar unha carreira.
- Materias necesarios para unha clase práctica de orientación.
- Actividades no ximnasio-pavillón.
- Actividades no patio-recinto.

DATA: **XOVES 05/02/2015**

HORARIO: **16:45 – 21:15**

LUGAR: **CFR Pontevedra**

CONTIDOS:

- Lectura de mapa.
- Introducción da competición.
- Organización dunha proba de orientación a nivel Escolar.
- Adestramento de memoria.

DATA: **SÁBADO 07/02/2015**

HORARIO: **10:00 – 14:00**

LUGAR: **Instalacións deportivas do Casino Mercantil de Pontevedra en Mourente.**

CONTIDOS:

- Partes da competición.
- O deporte escolar da orientación.
- Participación nunha carreira de orientación.

INDUMENTARIA (moi importante):

Nas tres sesións presenciais haberá que vir provistos de:

- Roupa cómoda e deportiva.
- Frontal de iluminación ou lanterna.
- Chuvasqueiro e roupa de abrigo (en función do tempo).

NOTA (moi importante):

Os asistentes que acudan co seu portátil (recomendable), deberán descargar as aplicacións, que a tal fin, están ubicadas na aula virtual do CFR respectivo.



PONENTES

Antonio Domínguez Portas é Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e traballa como profesor de Educación Física no IES María Soliño de Cangas.

Deportista federado en orientación no que se ven de proclamar campión da liga galega na categoría H21 no 2014.

Gonzalo Fernández Casalderrey é Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e traballa como adestrador persoal e organizador de eventos deportivos de orientación.

No seu palmarés deportivo destacan as clasificacións excelentes obtidas, en campionatos autonómicos e nacionais.

Jose Antonio Ricoy Bugarín é Diplomado en Maxisterio na especialidade de Educación física. Na actualidade traballa como profesor de Educación Física no IES de Meaño.

Deportista federado en activo no deporte da orientación deportiva, conta con experiencia na formación do profesorado.

Este curso realízase en colaboración:



Iniciación á orientación no ámbito escolar

P1402004 - V1402006



IES de Meaño

Actividade formativa de 11 horas de duración

